Cerne

O xornal da Terra de Melide

Ano XV - Nº 167. Decembro 2019. Distribución gratuíta

CCA Melide CentroComercialAberto ASETEM

XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE ECONOMÍA E INDUSTRIA
Dirección Xeral de Comercio

Deputación DA CORUÑA

EMPRESA
Casa Mejuto presenta o seu espumoso P8

MELIDE
Atopan 7 cabalos mortos nunha granxa da vila P12

COMARCA
Presentan as actividades do Xacobeo en Toques P14

CULTURA
Sonia Valiño, nomeada *Hada Madrina* da Fundación Andrea P19

ENTREVISTA

Cristina Pacheco, Toys Maniatic P23

O Concello traslada aos empresarios as posibilidades de solo industrial

O goberno local manexa "un horizonte de tres anos" para dispor dun novo polígono executado pola SEA ante a demanda existente. As futuras posiblidades foron trasladadas aos empresarios nunha reunión celebrada na Asociación de Empresarios Terra de Melide, e na que participaron representantes do Concello de Melide, a xerente de Suelo Empresarial del Atlántico, Beatriz Sestayo, e numerosos empresarios da vila e comarca. P11

Dalia García denuncia un ataque vandálico o seu vehículo

A exalcaldesa de Melide e voceira do PP local sufriu o ataque mentres asistía a unha cea en Melide en representación do seu grupo político. P12

Máis de 6.000 euros na XXI campaña de Nadal de Asetem

Preto de 80 establecementos reparten as tradicionais rifas que darán acceso aos 6.200 euros en premios no sorteo que se celebrará o 10 de xaneiro. P3

ASOCIACIÓN DE EMPRESARIOS TERRA DE MELIDE

30 anos ao teu servizo, 150 socios que fan medrar a comarca

www.asetem.com - Tfno: 981 50 61 88 - info@asetem.com
Lino Sexto Sánchez, 9 Baixo - 15800 MELIDE (A Coruña)

Editorial

Despedido!

Era cuestión de tempo que acontecese e, finalmente, sucedeu. O pasado mes de outubro o Tribunal Constitucional ditou unha sentenza que permite o despedimento obxectivo dun traballador por ausencias intermitentes aínda que sexan xustificadas, como por exemplo por mor dunha baixa médica.

Segundo recolle o Estatuto dos Traballadores "figura como causa obxectiva de despedimento o absentismo durante un 20% das xornadas laborais de dous meses". Deste xeito, aínda que esas faltas estean xustificadas existe o dereito a despedir ao traballador en aras de defender "a produtividade da empresa"; non obstante, o Goberno introduciu algunhas excepcións a esta norma como son por exemplo un embarazo, a folga, baixas médicas de máis de 20 días, etc. Con todo, o Tribunal Constitucional decidiu ditar sentenza "a favor do dereito ao despedimento por absentismo xustificado"; un fallo que xerou certa polémica e malestar, principalmente entre o colectivo sindical e o dos traballadores.

Como patronal, é lóxico que para nós prime o interese e o beneficio dos empresarios por encima de todas as cousas, exactamente igual que a saúde dos nosos traballadores. Cal é o problema? Pois que todos sabemos o que unha baixa laboral implica, especialmente, para unha pequena ou mediana empresa, xa que á perda temporal do traballador hai que sumar o pagamento do salario e as cotizacións correspondentes, algo que para moitos autónomos se traduce nunha situación complicada, por non dicir insostible.



Así como tampouco cremos que o despedimento sexa a solución máis eficaz, pois se ti tes a un traballador formado, preparado, produtivo e satisfeito, perdelo e comezar de novo o proceso con outra persoa non é nin o máis sensato nin o máis rendible.

Somos coñecedores de que se trata dun conflito de difícil solución. Os sindicatos por exemplo –CC.OO. e UGT–, "insisten na necesidade de derrogar a reforma laboral" porque , din, "está demostrado que esta redacción só trouxo consigo inestabilidade para o mercado de traballo, máis precariedade e o fomento dos despedimentos".

Sexa derrogada ou modificada, e antepoñendo que debe primar o dereito de calquera persoa a recuperarse, como patronal demandamos unha maior protección á hora de afrontar este tipo de situacións, por exemplo, por parte da Seguridade Social facéndose cargo da baixa, ou a través dunha achega directa e efectiva das administracións para financiar a contratación dun novo empregado.

Son moitos os autónomos que se ven afogados a final de mes para facer fronte a todos os pagamentos, independentemente de que teñan beneficios ou perdas na súa empresa, por iso unha baixa laboral se presenta tan complicada para o pequeno empresario na meirande parte das veces.

Do mesmo xeito, cremos necesario intensificar a revisión das baixas médicas por parte do Ministerio de Traballo. Se ben é certo que cando un traballador se acolle a este dereito é porque vén xustificado por un médico, tamén é certo que a fraude neste ámbito non desapareceu, sobre todo cando se trata dunha baixa laboral "de difícil contraste médico" debidas por exemplo a unha depresión ou ansiedade.

Sexa como sexa, e tralo precedente creado por esta sentenza, empresarios e traballadores deberían ter garantidos os seus dereitos sen que o beneficio duns vaia en detrimento doutros.

Tribuna de opinión

Traballar de 8 a 15h...

Xunta Directiva de ASETEM-CCA

"Ano novo, vida nova". Baixo esa premisa poderiamos dicir que afronta o 2020 un comerciante de Burela que se decidiu a implantar na súa tenda o horario europeo (de 8 a 15 horas) a partir do vindeiro 2 de xaneiro.

A nova coñeciámola a través do xornal La Voz de Galicia, e nela o empresario aducía a "conciliación e a eficiencia laboral" como motivos principais para aventurarse nesta decisión.

Non podemos máis que aplaudila e agardar que sexa un acerto, pois se algo buscamos hoxe en día tanto os empresarios como os traballadores son facilidades á hora de conciliar a nosa vida laboral coa familiar mantendo ao mesmo tempo a eficiencia no traballo. Mais cremos complicado que unha medida como esta funcione de xeito efectivo nun país coma o noso.

E dicimos complicado porque na maioría dos países europeos onde atopamos este horario a economía baséase principalmente na industria e, aínda que o turismo sexa outro dos grandes compoñentes, os horarios acaban sendo regulados en torno a este sector.

Sen embargo, nun país como España, onde un dos principais motores económicos é o sector servizos, dificilmente sería viable implantar un horario europeo. Bares, restaurantes, hostalería en xeral desenvolven a súa actividade maioritariamente fóra dese horario, de aí a dificultade.

Ninguén pon en dúbida que de funcionar sería unha medida excepcionalmente boa para todos; sen embargo a súa posta en marcha semella máis complicada que nunca se temos en conta que sería necesario poñer de acordo a un gran número de colectivos (empresarios, traballadores, medios de comunicación, de transporte, establecementos, centros educativos...), así como partir dun gran pacto de Estado.

Como dixemos, complicado, aínda que non imposible. E mentres todo iso chega, esperemos que esta experiencia piloto dea os seus froitos de xeito positivo.

Cerne

Edición dixital en www.asetem.com
Publicación mensual de distribución gratuíta
COORDINACIÓN E REDACCIÓN: Concha Viqueira
EDICIÓN: Asociación de Empresarios Terra de Melide (ASETEM-CCA)
ENDEREZO: R/ Lino Sexto Sánchez 9, Melide (A Coruña)
Telf. e Fax: 981 506 188 E-mail: info@asetem.com
COLABORACIÓNS: Asociación Cultural e Veciñal Melidá, Alumnado do IES Melide
AGRADECEMENTOS: Pilar López, Imprenta Meligraf
IMPRESIÓN: Publicaciones Tameiga S.L.
DEPÓSITO LEGAL: OR / 57 / 84

Cerne non se responsabiliza das opinións manifestadas polos seus colaboradores

ÍNDICE

- OPINIÓN.....2
- EMPRESA.....3
- MELIDE.....11
- COMARCA.....14
- CULTURA E LECER 19
- COLABORACIÓNS.....22
- ENTREVISTA.....23

O comercio local reparte 6.200 euros en premios ata o 10 de xaneiro

Non hai Nadal sen campaña de Asetem, e por iso o comercio asociado de Melide desenvolve dende o domingo 1 de decembro e ata o venres 10 de xaneiro a vixésimo primeira edición da súa tradicional campaña de Nadal.

"Por cada compra realizada nos establecementos asociados, sexan comercio ou empresa, os clientes recibirán un ano máis as rifas para poder participar no sorteo final", explica Pilar López, xerente de Asetem – Centro Comercial Aberto.

Será o 10 de xaneiro cando se celebre o sorteo final nunha gala na Casa da Cultura de Melide a partir das 20.30 horas. O evento estará presentado nesta ocasión pola cantante e imaxe de Asetem – CCA, Eva Iglesias, que tamén deleitará a todos os presentes con varias actuacións.

Así mesmo, no transcurso da gala celebrarase un recital de poesía a cargo de Ana Vila Portomeñe, coñecida como "a poeta labrega", e María Luisa Pereiro, escritora, modista e socia de Asetem.

De novo, 6.200 euros en premios

Nesta edición, e por terceiro ano consecutivo, volven a repartirse 6.200 euros en premios distribuídos en un de 2.000 euros, dous de 1.000, catro de 500 e un adicional de 200 euros entre os asistentes á gala do venres día 10. Para participar no premio directo sorteado entre o público, os asistentes terán que amosar as rifas de haber mercado nalgún establecemento do Centro Comercial Aberto Asetem.

O sorteo celebrarase como de costume ante notario e os premios serán entregados en vales de compra para volver a investir nas tendas e empresas locais.

"A verdade é que o Nadal en Melide sempre resulta, sempre hai un bo nivel de vendas e de feito os comerciantes en xeral fan a súa mellor campaña nesta época", recalca a xerente dos empresarios, que tamén destaca que o obxectivo final que se persegue é sempre "a dinamización da economía local".

A novidade deste ano chega da man dun vídeo elaborado para as redes sociais co que se pretende "difundir e promover dun xeito máis actual e dinámico o sector comercial e empresarial da localidade"; un vídeo que se suma aos tradicionais anuncios gratuítos emitidos en Radio Melide grazas ao convenio que a asociación de empresarios mantén coa emisora local.

80 establecementos e 70.000 rifas

Mantendo a liña de anos anteriores este ano participan arredor de 80 establecementos asociados pertencentes a todo tipo de sectores e, igual que na campaña anterior, tamén se repartirán 70.000 rifas; unha cantidade que adoita entregarse na súa totalidade.

Unha vez realizado o sorteo, os afortunados terán ata o 31 de xaneiro ás 13.00 horas para recoller o premio nas oficinas de Asetem. "De non aparecer ese día a esa hora, o premio pasará ao número de reserva e, en caso de que este tampouco aparecese, quedará deserto", indicou Pilar López.

A campaña de Nadal está organizada polo Centro Comercial Aberto Asetem en colaboración co Concello de Melide e a Xunta de Galicia a través da Dirección Xeral de Comercio.

EMPRENDEDORAS EN MELIDE

ADELA VARELA VÁZQUEZ

Carnicería Cardelle *(Florentino L. Cuevillas - Melide) - Tlfn.: 981 50 54 37*

“Criamos os nosos tenreiros e vendemos a nosa propia carne, en quilos ou por lotes”

- Como comezou?

- Adela Varela (A.V.): En xaneiro cumpro cinco anos ao fronte eu sola, pero o negocio leva dende 1976, porque antes estivo miña sogra 39 anos.

- É entón un negocio familiar de longa tradición

- A.V.: Si, e ademais é un negocio familiar onde nós mesmos cebamos a carne de tenreira que vendemos aquí. Para iso temos un cebadeiro en Toques onde criamos as tenreiras dende que son pequeniñas ata que se matan. Iso si, anteriormente só se vendía tenreira, non se vendía ningunha variedade máis, pero dende que estamos nós ampliamos un pouco máis o negocio.

- Que produtos teñen agora?

- A.V.: Pois aínda que o noso produto principal é a tenreira, como a xente nos foi demandando máis variedade, agora temos carne de porco salgada e os produtos típicos para o cocido, tamén temos un pouco de fiambre, un pouco de queixo, ovos, polos, coellos; o que non temos é carne de porco fresca porque non é nosa, nós só producimos a tenreira.

- Dispoñen de produtos elaborados?

- A.V.: O que facemos nós propio son as hamburguesas de tenreira, totalmente naturais.

- Mencionou vostede que son produtores. Ademais da carne no establecemento, venden tamén os tenreiros?

- A.V.: Normalmente estamos orientados só á carnicería, pero como a demanda non é sempre a mesma, tamén vendemos os tenreiros. E logo, comentar que non só vendemos en Melide, temos a tenda en Melide si, pero vendemos a Bilbao, Madrid, etc. Todos os martes por exemplo mandamos produtos para Bilbao. Tamén temos varios restaurantes de fóra de Galicia que nos mercan a carne. Por exemplo en Portugalete hai un restaurante que leva 32 anos con nós.

- Que é o que máis lle demandan?

- A.V.: Nós o que máis vendemos é tenreira. Dentro diso hai xente de a pé que normalmente leva o que necesita, ou leva ao quilo; pero logo tamén temos clientes que nos demandan medio tenreiro. Entón nós matamos, preparamos e xa vai todo listo para chegar e meter ao conxelador. Que outro cliente quere un cuarto, pois preparamos un cuarto; outro só 20 quilos, pois prepárámoslle 20 quilos. O de vender por lotes a medida si que o facemos moito.

- Teñen servizo a domicilio?

- A.V.: Si, tanto á xente de a pé como aos restaurantes de Melide por exemplo, que xa llo levamos nós.

- Que ten que ter unha carne para que sexa de boa calidade?

- A.V.: Creo que sobre todo a alimentación do animal. No noso caso por exemplo os nosos tenreiros son criados con millo. Aínda que tomen un pouco de penso, as dietas que lles están dando son formuladas por un nutrólogo, con cantidades proporcionadas dende pequeniños. E comen todos o mesmo, así que esa carne vai saír sempre da mesma maneira.

- Como ve vostede o consumo de carne ao longo dos anos?

- A.V.: No noso caso por exemplo aínda que aumente a clientela, o consumo de carne é evidente que descendeu. Case diría que o que foi cambiando é o tipo de consumo, sobre todo entre a xente moza. Os máis novos non adoitan vir á carnicería para pedir tres quilos de carne para asar, se tes hamburguesa pois levan hamburguesas, ou un filete, máis ben algo rápido para consumir.

casa alongos

Á parte da carta habitual temos:

- cocido TODOS OS DOMINGOS
- pratos especiais TODOS OS DÍAS

“COCIÑA con CORAZÓN”

Camiño Vello de Santiago (MELIDE)
www.casaalongos.com / info@casaalongos.com
Tfno.: 981 506 392 · Móbiles.: 619 229 334 / 686 312 851

- Reservas
- Presupostos para grupos
- Configuración personalizada do teu menú
- Chámanos ou tamén por enderezo electrónico

Este Nadal brinda con Casa Mejuto

O espumoso de Melide

Licores elaborados dende 1954

CASA MEJUTO

SABER DE LEI

NON O ABANDONES. EL NUNCA O FARÍA

Ana Mato Salgado
Avogada
Tlfn.: 671 833 425
Rúa Xesús Carro, Nº15-2º
(Melide)

Este slogan pertence a unha campaña do ano 88 lanzada co obxectivo de sensibilizar e concienciar á sociedade sobre a problemática do abandono dos animais de compañía. Tres décadas despois, lonxe de acabar con isto, cada vez aumentan o número de abandonos. Cada ano en España abandónanse case 300.000 mascotas. As escusas máis habituais que se poñen constantemente son as da separación matrimonial ou de parella, cambio de domicilio, a chegada ao mundo dun fillo/a. Pero a verdadeira causa é que falta responsabilidade e sobra egoísmo.

O Nadal é unha época na que as familias se reúnen, os amigos reencóntranse, as luces aluman cidades e pobos enteiros, escóitanse villancicos polas rúas e intercámbianse millóns de agasallos... En moitas ocasións eses agasallos levan nome de mascota, e temos que ter en conta sempre que son seres vivos, que non é un agasallo máis do que nos podemos cansar e aparcar a un lado, é unha responsabilidade que contraemos, do contrario, poderemos estar a cometer un delito.

Non nos resulta raro ver animais andando sos polas rúas, estradas e incluso autovías. En moitas ocasións son animais perdidos, pero a gran maioría son abandonados.

No código civil atopamos tipificado o maltrato animal e tamén o abandono. O abandono animal ten sancións penais e sancións administrativas. O dereito penal sanciona o maltrato con penas pecuniarias, con cadea privativa de liberdade ata 1 ano, e coa pena accesoria de inhabilitación de profesión, oficio ou comercio que teñan relación cos animais. Todo aquel que abandone un animal en condicións que poida perigar a súa vida ou integridade será castigado cunha pena de multa de 1 a 6 meses, de igual modo pode o xuíz impoñer pena de inhabilitación especial de 3 a 1 ano para o exercicio da profesión, oficio ou comercio que poida ter relación cos animais ou tenencia deles.

As sancións administrativas referidas a este tema dependen directamente de cada Comunidade Autónoma, xa que en cada unha delas a normativa é diferente. A pesar de que todas o regulan, non todas son iguais de garantistas. Por exemplo na Comunidade de Madrid, a súa lei 4/2016 de 22 de xullo cualifica o abandono animal como infracción animal como moi grave, chegando a sanción a alcanzar os 45.000 euros. De igual xeito, a Rexión de Murcia tamén o considera como unha infracción moi grave, cuxa sanción pode chegar a acadar os 30.000 euros. Cataluña fai diferenza entre grave e moi grave, sendo a grave de ata 2.000 euros e a moi grave ata 20.000 euros, e dependerá de que sexa unha ou outra en función de se a vida do animal se puxo en risco co abandono. En Galicia o abandono é considerado como infracción grave, e a sanción oscila entre os 501 e os 3.000 euros.

Cando se atopa un animal abandonado tratarase primeiro de atopar ao dono mediante o chip obrigatorio correspondente. Posteriormente darase traslado e dáse un prazo para que procedan a recoller o animal. Se transcorrido ese prazo non acoden considérase como abandono, e envíanse ao centro oficial. A partir dese momento ábrese un expediente sancionador contra o propietario impoñéndolle a sanción que cada Comunidade Autónoma ou a propia entidade local considere oportuna.

Non só nos atopamos día a día pola rúa con animais abandonados, senón con animais que exercen a mendicidade; persoas mendigando con cans. A maioría das veces estes animais son drogados para que así se manteñan no mesmo lugar durante varias horas, dando maior grao de pena e lástima, xa que na maioría dos casos están mal nutridos e recibindo un trato desfavorable.

Isto podería considerarse maltrato animal, polo contrario non sería considerado delito cando o mendigo, sen fogar, teña ao can como animal de compañía e non obtén intencionalmente ningún lucro por iso.

En cada Comunidade Autónoma este tema está regulado pola súa propia normativa, polo tanto de forma diferente en cada unha delas como pasaba no caso do abandono. Por exemplo na Comunidade de Madrid prohíbese explicitamente exercer mendicidade ou calquera actividade ambulante utilizando animais como reclamo, e esta práctica leva consigo unha infracción administrativa leve que pode ser sancionada de 300 a 3.000 euros, e ter animais sen identificar ten unha multa que oscila entre os 3.001 e os 9.000 euros, o cal é considerado como infracción grave. Mentres que en Andalucía o exercicio da mendicidade valéndose dos animais para a obtención dun lucro é considerada leve, e a multa será de 50 a 500 euros.

En Galicia prohíbese por lei exercer a mendicidade utilizando aos animais como reclamo, e está considerado como infracción grave, polo que a sanción oscila entre os 501 e os 5.000 euros. En cambio nas Illas Baleares non se contempla explicitamente a mendicidade, a pesar de que si se castigan administrativamente as condutas de non estar debidamente identificados, ou non estar nas condicións hixiénicas e sanitarias correctas.

É un deber cívico e moral se vemos un animal en situación de abandono, maltrato ou mendicidade poñelo en coñecemento da Policía ou ben da Garda Civil, para que estes dean traslado a onde sexa pertinente en caso de que esa situación se estea levando a cabo.

Todo isto ocorre principalmente por dous factores ; por unha carencia de valores absoluta e porque sae moi barato.

IMPRENTA
eligraf
Tfno./fax: 981 50 62 56
Rúa Galicia, 26 - 15800 MELIDE
(A Coruña)

HOTEL BALNEARIO
RIO PAMBRE
Vilariño (San Breixo). Palas de Rei. 27203 Lugo
Telf.: 982 37 41 35 / Fax.: 982 37 40 98
E-mail: info@balnearioriopambre.com
Web: www.balnearioriopambre.com

Prazas libres no curso de fitosanitarios

Aínda quedan prazas libres no curso de Aplicador de produtos fitosanitarios que Asetem-CCA acollerá ao longo do mes de xaneiro nas súas instalacións. A formación, organizada por unha empresa acreditada por Medio Rural, terá unha duración de 25 horas en modalidade presencial e contará cunha proba de avaliación ao seu remate. A superación do curso permitirá a obtención do carné de Aplicador de Fitosanitarios emitido por Medio Rural. O prezo do curso é de 70 euros por persoa, taxas incluídas. Para realizar a inscrición, as persoas interesadas poderán anotarse a través do número de teléfono da asociación de empresarios (981 506 188), ou ben achegándose ata as oficinas de Asetem (R/Lino Sexto Sánchez, 1 - baixo) en horario de 9.00 a 13.30h.

SUBVENCIÓNS

SUBVENCIÓN PARA ACTUACIÓNS DE MELLORA DAS INFRAESTRUCTURAS DOS ESTABLECEMENTOS TURÍSTICOS DE ALOXAMENTO E DE RESTAURACION, ANO 2020. (DOGA 227, DO 28/11/2019)

Obxecto: Mellora das infraestruturas dos establecementos de aloxamento turístico e de restauración seguintes:
a) Establecementos hoteleiros (hoteis e pensións), campamentos de turismo, establecementos de turismo rural e albergues turísticos.
b) Restaurantes que se enmarquen no grupo I do artigo 77 da Lei 7/2011 de Turismo de Galicia

Investimentos subvencionables, realizados a partir do 01/01/2020:
.- Mellora da accesibilidade e supresión de barreiras arquitectónicas.
.- Mellora das instalacións a fin de obter certificacións de calidade, como a "Q de Calidade Turística".
.- Obras de adaptación á normativa e mellora da clasificación do establecemento que supoñan un incremento de categoría.
.- Renovación e modernización das instalacións e dos exteriores.
.- Equipamentos mobles precisos para o funcionamento.
.- Mellora da climatización.

O investimento máximo será de 100.000 € (IVE excluído).

Beneficiarios: Persoas físicas e xurídicas, titulares de establecementos turísticos de aloxamento e de restauración, autorizados e clasificados polo REAT, cunha antigüidade na actividade, nese establecemento, dun mínimo de 5 anos.

Contía da axuda: ata o 35%, co máximo de 35.000 €.

Obrigas, entre outras: Manter a actividade durante un mínimo de 5 anos a partir da data da liquidación definitiva da subvención.

Prazo de solicitude: Ata o 30/12/2019.

SUBVENCIÓNS PARA ACTUACIÓNS DE MELLORA PAISAXÍSTICA E DE EMBELECEMENTO DE BENS E RECURSOS QUE SE ATOPEN NO CAMIÑO DE SANTIAGO, PARA O ANO 2020. (DOGA 229, DO 02/12/2019)

Actuacións subvencionables, cando se realicen a partir do 01/01/2020: actuacións sobre elementos etnográficos (lavadoiros, hórreos, pontes, muíños, fontes...); actuacións sobre a casa e a eira; actuacións no espazo agrario; actuacións mellora de axardinamento do camiño e incorporación de vexetación; e actuacións no propio trazado.

Beneficiarios: entidades locais, persoas físicas e xurídicas, comunidades de propietarios e agrupacións destas, asociacións veciñais, comunidades de montes e calquera outra institución ou asociación.

Contía: 75% do investimento subvencionable, co límite de 15.000 euros para entidades locais, e de 10.000 euros para o resto dos beneficiarios.

Prazo de solicitude: Ata o 02/01/2020.

Información elaborada por CCXestión
Tlfn.: 881 973 307

Asetem - CCA informa sobre o E-tícket

O salón de actos de Asetem – CCA acolleu unha xornada sobre Dixitalización e Transformación Dixital, na que se abordaron aspectos como a dixitalización, ferramentas dixitais, e-tícket, e outros temas de interese relacionados con este ámbito.

A xornada estivo organizada pola Federación Galega de Comercio e nela participaron tanto socios como non socios do colectivo.

Como tema fundamental destacouse a Plataforma Dixital Centralizada E-tícket, que permitirá aos comercios e aos seus clientes substituír o tícket tradicional impreso en papel por un sistema dixital, máis moderno, eficaz e fiable.

Recolle o premio dos *Días Azuis* Outono

Tras resultar premiada por facer a súa compra en Supermercado Gómez Covirán de Melide durante a última campaña dos Días Azuis, María Isabel García Enjamio (no centro da imaxe) recolleu o seu cheque por valor de 150 euros nun acto celebrado no Hostal dos Reis Católicos en Santiago de Compostela.

No acto, no que participou o conselleiro de Economía, Emprego e Industria, Francisco Conde; María Isabel García tamén estivo acompañada polo presidente de Asetem – CCA, Manuel Vázquez, e a xerente, Pilar López.

Na campaña Días azuis do comercio galego, realizada entre o 1 e o 20 de outubro en colaboración coa Federación Galega de Comercio e Abanca, rexistráronse máis de 108.700 participacións, un 13% máis con respeto ao ano anterior e un 6% desde a convocatoria de maio.

Descontos para os socios de Asetem na obtención do CAP en Autoescola Marte

Todas as empresas asociadas a Asetem – Centro Comercial Aberto, así como os seus traballadores, poderán beneficiarse dun desconto do 10% sobre o prezo orixinal na obtención do CAP (Certificado de Aptitude Profesional) en Autoescola Marte de Melide. O desconto é posible grazas a un convenio de colaboración entre o centro de formación e a patronal. En palabras da xerente de Asetem – CCA, Pilar López, "unha boa oportunidade para todos aqueles condutores que precisen obter o CAP e que sexan socios ou empregados dun establecemento pertencente a Asetem".

Tchin Tchin
ESPECIAL
15 ANIVERSARIO

Las 3 gafas de Navidad

TU 2º Y 3er
PAR DE GAFAS
POR 1€ MÁS*

*ver condiciones en óptica y en afflelou.es

RONDA DA CORUÑA, 16 · MELIDE
981 50 60 97

ALAIN AFFLELOU
El óptico loco por ti
ÓPTICA, E 15001258 / AUDÍFONOS, E 15001259

Casa Mejuto: “un espumoso natural, case sen azucre, de calidade e facilmente bebible”

O traballo ben feito, con paciencia, con esforzo, e sobre todo con cariño sempre remata nun bo resultado. Un exemplo desa perseveranza é Casa Mejuto, en Melide, que tras sacar ao mercado un vermú propio, recentemente presentou na vila o seu viño espumoso Casa Mejuto.

José Antonio Mejuto nalgúns dos diferentes momentos do proceso de elaboración do viño espumoso *Casa Mejuto*, e detalle da botella (Fotos: Víctor Espiño - *Dimo a Min*)



O produto é froito dun longo proceso de preparación e elaboración que conta cun laborioso traballo artesanal detrás, así como meses de investigación e probas. “Sempre me gustou o espumoso –explica José Antonio Mejuto– , sempre fun afeccionado a el, así que decidín investigar, realizar probas no noso laboratorio, informarme viaxando a sitios onde fan o champaña e o cava, e pensei, por que non fabricalo? Así que aquí está a primeira proba”.

Esta primeira toma de contacto cos viños espumosos deu un resultado de 500 unidades que uns poucos privilexiados xa puideron degustar na súa presentación. “Non o elaboramos co afán de vender 50.000 botellas, senón coa intención de que nos guste a nós e despois, se vai ben, seguir desenvolvéndoo”, di.

Elaboración artesanal

Na súa fabricación, José Antonio Mejuto investiu arredor dun ano, e é que o proceso, ademais de complexo, é delicado.

“O primeiro paso foi partir dun viño de calidade, neste caso un viño de doce graos onde prevalece a variedade loureira e ao que lle engadimos unhas levaduras especiais e azucre. Hai que ter en conta que a través dunha reacción química o azucre é absorbido e transformado en alcohol, e ao mesmo tempo prodúcese o gas carbónico, as burbullas que vemos. Pois ben, unha vez mesturado todo iso embotellamos e temos como resultado un viño turbio porque vai revolto coas levaduras. Ten entón que iniciarse a fermentación na botella”. Para iso, o método usado por Casa Mejuto é o “método champenoise”, que é o método que empregan os franceses para o champaña na rexión francesa, ou os cataláns na elaboración dos cavas de calidade.

“Unha vez embotellado, o viño pasa nove meses na botella en posición horizontal selado cun tapón de coroa. Pasados eses nove meses e acabada a fermentación temos que meter cada botella, de punta, nuns estantes que denominamos pupitres durante tres semanas máis. Durante esas tres semanas imos xirando botella por botella todos os días un pouquiño –un octavo de volta para ser exactos– de xeito manual. Facemos iso para que as levaduras e todos os restos que teña o viño vaian caendo polo seu propio peso no cuello da botella. Así conseguimos un viño cristalino e que todos os restos queden na punta”, aclara José Antonio.

Pero o proceso non remata aí. “Pasadas esas tres semanas é cando se comproba fronte á luz, sempre mantendo a botella na mesma posición de punta, que todos os restos están acumulados a súa entrada. Introdúcese entón a botella nun conxelador especial para conxelar tan só a punta durante unha media hora aproximadamente, e ten lugar o *degüelle*”; a parte final e quizais a máis delicada de todo o proceso.

“O ‘degüelle’ –engade Mejuto– consiste en quitar esas levaduras, eses restos que temos acumulados despois de conxelar a punta da botella”. Para iso ábrese a botella en posición horizontal e tápase de forma inmediata de tal xeito que só dea tempo a que saian os pousos amontoados. “Unha vez feito iso reenchemos botella por botella, unha a unha, poñemos o corcho de xeito manual e poñémoslle o arame de seguridade que levan os espumosos”. Finalizado todo o proceso, o espumoso xa etiquetado permanece un mes máis en repouso.

Con todo isto non é de estrañar que José Antonio tivese claro o nome de ‘Casa Mejuto’ para esta nova elaboración. “Consideramos que un produto artesán e novidoso na comarca como é un espumoso, non podía levar outro nome que non fose o da nosa casa; é dicir, un produto tradicional dunha familia tradicional que se vén dedicando ao negocio dos viños e dos licores toda a vida, de aí que leve o noso selo”.

Un espumoso de calidade e natural

E se indiscutible é a tradición en Casa Mejuto, máis o é a calidade dos seus produtos, e é que esta última creación vén amparada por unha etiqueta na que pode lerse ‘espumoso de calidade’. “Iso non o poñemos nós porque si, senón porque estamos amparados por unha normativa rexistrada no Boletín Oficial do Estado”, explica José Antonio.

En dita normativa recóllense unha serie de condicións a cumprir entre as que se especifica que para recibir a denominación de ‘espumoso de calidade’ o gas carbónico adquirido non pode ser engadido de xeito industrial, senón que debe producirse pola fermentación natural na botella; proceso este que realizan en Casa Mejuto.

“No mercado podemos atopar produtos máis baratos que parten de viños de menor calidade e que son inxectados con carbónico de xeito industrial, iso está listo en poucas horas e ao día seguinte tes o espumoso no mercado. Pero a gran diferenza vén á hora dos matices, porque unha segunda fermentación en botella vai producir aromas que non se van conseguir inxectado gas carbónico de forma industrial”, aclara.

Do mesmo xeito, na etiqueta tamén pode lerse ‘Brut Nature’, unha denominación que se traduce en practicamente cero azucre. “Saír ao mercado como Brut Nature significa que a xente que probe o noso espumoso vai probar un produto natural que practicamente case non ten azucre. E por que? Pois porque tal e como obriga esta denominación non se pode engadir azucre despois do *degüelle*; é dicir, nese momento no que se abre a botella para que saian as levaduras e se volve a encher”.

O resultado final, “un espumoso natural, de calidade e facilmente beblible; é dicir, o que nos aporta un viño natural cunha fermentación natural, que ademais encaixa perfectamente cos doces típicos de Melide”, tal e como recomenda o seu creador. “Sobre maridaxe non hai nada escrito, porque son gustos, e para gustos hai cores; pero se temos en conta que se trata dun espumoso que practicamente non ten azucre, pero que si ten o carbónico e a acidez que lle confire o viño, pois evidentemente vai maridar moi ben cun doce, e sobre todo cos doces típicos de Melide”.

A maiores dos doces, José Antonio destaca que o espumoso Casa Mejuto é un viño “que se bebe ben, que nos vai a recordar a un viño con gas carbónico intenso, pero ao mesmo tempo cun retrogusto que deixa toques de mazá e moscatel, por iso vai perfectamente tamén cun peixe, un marisco, unha carne branca ou mesmo cunha pasta”, engade.

Tras esta primeira toma de contacto, Casa Mejuto non descarta seguir desenvolvendo o produto ao mesmo tempo que xa traballa en novas liñas de investigación.

centro auditivo

solicita tu **REVISION GRATUITA**

ÓPTICAstábora

REXCE AUDIOPRÓTESIS
E.15-001241

REXCE ÓPTICA
E. 15-001238

Rda da Coruña 20 **MELIDE**

Supermercado Gómez - Covirán, “confianza, calidade e o servizo dunha tenda de barrio”

A historia de Supermercado Gómez remóntase a 1984, cando José e Saladina Gómez decidiron abrir a tenda en Melide. Máis tarde, hai aproximadamente seis anos, tivo lugar o cambio a Covirán; unha cooperativa andaluza que se está estendendo por toda España e Portugal. Dese paso fai un balance positivo a seguinte xeración, Rubén Gómez e Yolanda Cabanas, pois a integración en dita marca permítelles “liberdade á hora de fixar os prezos, así como ter unhas ofertas máis competitivas”. Foi o caso do recentemente celebrado Black Friday. “Celebramos o venres negro con algunhas ofertas destacadas en langostinos de gran tamaño, queixos ou deterxentes, pero non só iso, senón que ao longo do ano renovamos as ofertas cada dez días”, explica Rubén.

Bos prezos e gran calidade tamén en Nadal

Eses bos prezos vanse manter tamén durante o Nadal, unha época na que as compras aumentan especialmente nos produtos de alimentación. Así por exemplo, neste supermercado de barrio, tal e como eles mesmos o denominan, algúns dos produtos máis destacados que os clientes poderán atopar son un marisco conxelado “de moi boa calidade”. “Traballamos un pescado conxelado moi bo, como son os langostinos, vieiras, zamburiñas, rape, e bacallau tanto conxelado como salgado; pero tamén contamos con ofertas especiais en xamóns, queixos curados de ovella, turrón e produtos típicos de Nadal por suposto”, apunta Rubén.

E non só iso, porque non todo vai ser comer. Durante o Nadal, Supermercado Gómez – Covirán ten en marcha a campaña de venda de tixolas de San Ignacio. “Trátase dunha campaña a nivel nacional na que nós tamén participamos. Son unhas tixolas de moi boa calidade cun desconto do 50% sobre o prezo oficial; é dicir, calquera persoa pode vir aquí e mercar as tixolas rebaixadas, non fai falla cumprir ningún requisito nin facer un mínimo de gasto”.

Esta promoción de tixolas, que son do televisivo cociñeiro do programa Masterchef, Pepe Rodríguez, estará en marcha en Supermercado Gómez – Covirán durante toda a campaña de Nadal e ata o mes de febreiro (ou fin de existencias). “Aínda que remate a promoción vai haber reposición ata que se acaben, así que poderían mercalas despois”, apunta Yolanda. “Ademais, están a uns prezos moi bos que van dende os 9 ata os 16 euros e son compatibles con todo tipo de cociñas: indución, gas, eléctrico, vitro e alóxeno”, engade.

Un “pimentón” de primeira

Tan certo é que despois de Nadal vén o Entroido, como loxicamente o tempo da matanza. Por iso nesta tenda de barrio traballan xa dende hai anos cun dos produtos máis demandados por estas datas: o ‘pimentón’. “O que nós ofrecemos é un pimentón desbinzado, un pimentón especial que a diferencia de outros non leva o rabillo nin as semillas, iso é o que significa desbinzado. Que implica? Pois que é un pimentón máis puro e de maior calidade, porque cando o secan, no molido só utilizan a carne do pimento; iso faino máis puro e poténcialle o sabor”, destaca Rubén.

A maiores, e tamén de cara á matanza, neste supermercado de Melide tamén atopamos todo tipo de produtos relacionados coa matanza como por exemplo tripas, salchichón, chourizos, lomo, etc; así como máquina de envasar ao baleiro. “A verdade é que cada ano estamos envasando máis, queixos, chourizos, todos os produtos da matanza, e non só iso, senón todo tipo de produtos –di Rubén– e ao longo de todo o ano. E logo, á parte de envasar, nós aquí tamén vendemos bolsas a particulares para envasar na súa casa”, engade.

Produtos elaborados

Por se todo isto fose pouco para unha “pequena gran” tenda como é este supermercado local, Rubén e Yolanda lembran que ademais dos produtos da matanza, pouco a pouco están comezando a desenvolver unha liña de produtos elaborados; un traballo que xa están a realizar por encarga e ao que en breve lle darán un impulso aínda maior. “Trátase de elaborados que preparamos nós, que facemos nós aquí, de xeito artesán e que queremos potenciar en breve, como son por exemplo as albóndigas, croquetas, hamburguesas de todo tipo (polo, porco, tenreira, mixtas, de pavo, vexetais), tamén zorza, e produtos similares que a día de hoxe xa facemos por encarga”.

Prezos competitivos, grandes ofertas, produtos de primeira calidade... son os pequenos detalles que marcan a diferenza e fan de Supermercado Gómez – Covirán un supermercado de confianza, con calidade e co servizo dunha tenda de barrio. Mostra diso son varios exemplos os que poderiamos enumerar, como é o servizo a domicilio por compras superiores a 50 euros, pero que tal e como matiza Rubén “nalgunhas ocasións aínda que non se supere o importe tamén se lle leva a casa, niso si que somos moi tenda de barrio”, di entre risas; ou a promoción de produtos locais.

E falamos de produtos da zona porque dende esta tenda local tamén contribúen a incentivar a economía da vila. Para iso dispoñen no seu supermercado de produtos galegos e sobre todo de produtos locais, como son por exemplo o turrón galego de Antoxo ou o recentemente presentado viño espumoso de Casa Mejuto.

Así mesmo, dispoñen dun “agasallo moi particular” para as embarazadas, e é que todas aquelas nais que estean embarazadas ao longo de 2019 (aínda que dean a luz en 2020), poden pedir “unha canastilla de maternidade”. Trátase dunha caixa con produtos para os bebés que poden solicitar ata o 31 de decembro tan só con estar embarazadas e posuír a tarxeta de fidelización do supermercado; a tarxeta do Club Familia Covirán. “Trátase dunha tarxeta de fidelización que só acumula puntos para acceder a cheques regalo, descontos, promocións, e que é totalmente gratuíta. Así que, para recibir a canastilla só teñen que estar embarazadas, posuír a tarxeta e pasala cada vez que realicen algunha compra, sobre todo nos últimos tres meses de embarazo, para sumar puntos e recibir a caixa de maternidade”, conclúe Yolanda.

Rubén Gómez e Yolanda Cabanas cun dos produtos estrela de Supermercado Gómez - Covirán, o “pimentón desbinzado”. Abaixo pode verse a promoción das tixolas de San Ignacio, rebaixadas ao 50%, e tamén outras das grandes ofertas do supermercado, como son os xamóns e os queixos curados

O Concello traslada aos empresarios as posibilidades de solo industrial

O goberno local prevé "un horizonte de tres anos" para dispor dun novo polígono executado pola SEA

"Hai interese, e ademais hai necesidade", así de contundente foi o presidente da Asociación de Empresarios Terra de Melide, Manuel Vázquez, ao remate do encontro mantido con representantes do goberno de Melide, a xerente de SEA, Beatriz Sestayo, e medio cento de empresarios da vila e comarca para pulsar a demanda de solo industrial en Melide; unha das principais problemáticas que arrastra a vila dende hai anos.

Para avanzar neste camiño o novo goberno municipal de Melide, formado polo bipartito Adiante Melide e PSdeG-PSOE, quixo contar coa colaboración da asociación de empresarios. "Os inicios son un camiño de prospección para saber que é o que pensan os empresarios, teremos reunións sucesivas con eles e se chegamos a un acordo daremos os pasos que sexan axeitados para poder continuar co proxecto do solo industrial, ao igual que estaremos en contacto co SEA para comunicarlles os avances que se vaian producindo; o que non vamos facer é estar parados", asegurou o rexedor melidense, José Manuel Pérez.

Dúas posibilidades

En canto ás posibilidades de ampliación do solo industrial, dende o goberno municipal informaron no encontro aos empresarios que a Xunta desbota "clarísimamente" actuar "a carón do parque empresarial actual e no terreo que hai en fronte" (zona de Rede Natura), mentres que si contempla "como posibles" outras dúas alternativas: unha preto do enlace da Autovía A-54 e cunha superficie de 325.000 metros cadrados, e outra pola estrada nacional Lugo-Santiago (N-547) "antes de cruzar o río", aínda que iso si, cunha menor superficie.

Expostas as dúas posibilidades, José Antonio Prado, primeiro tenente de alcalde de Melide e concelleiro de Urbanismo, insistiu na necesidade de actuar "en tres liñas de traballo que teñen que desenvolverse paralelamente: unha, o proceso de recalificación do solo -pasalo a solo industrial-, dúas, ir xerando demanda e, tres, ir buscando alguén que faga o parque empresarial (neste caso a SEA); se isto non se fai de xeito paralelo o único que imos facer é tardar aínda moito máis e perder o tempo como pensamos que se estivo perdendo nos últimos anos", engadiu.

Neste senso, o concelleiro de Industria, Xosé Igrexas, remarcou que "temos que dar moitos pasos ao mesmo tempo e moi coordinados".

De cumprirse as tres liñas de traballo conxuntamente o goberno municipal de Melide prevé un horizonte de "tres anos de dispoñibilidade de solo industrial; dous para reclasificar e un para urbanizar".

Pola súa parte, e como é lóxico, división de opinións entre os empresarios reunidos que avogaron, uns polo emprazamento preto ao futuro enlace da A-54, e outros por seguir ampliando o parque empresarial na zona na que se atopa actualmente.

Dende SEA constatan demanda na comarca

En canto a SEA, a xerente de Suelo Empresarial del Atlántico, Beatriz Sestayo, explicou ao remate da reunión que "hai unha demanda na zona comarcal", pero aclarou que "o lugar no que se ubique o solo industrial ten que valorarse dende o maior rigor posible", por iso insistiu en que a entidade investirá "onde se dean as condicións obxectivas que perciban os técnicos, existan os accesos e a demanda".

Aproveitando a ocasión, Sestayo respondeu ás preguntas dos medios de comunicación sobre o cuestionamento días antes por parte da conselleira de Medio Ambiente, Ánxeles Vázquez, en canto ás posibilidades reais de que SEA puidese acometer o proxecto en Melide.

"A afirmación de que o Plan de Comercialización de 2019 de SEA non foi aprobado debeu ser un despiste ou un erro da conselleira, porque o Plan foi aprobado e publicado; e aprobado ademais por unanimidade do Consello de Administración no que a propia conselleira estaba sentada", dixo.

Do mesmo xeito, a xerente de SEA precisou que conforme recollen os seus estatutos, SEA pode valorar ou analizar acometer posibles ampliacións ou novas iniciativas no marco da súa actividade de promoción de solo industrial. "Se non se analizasen, seriamos unha sociedade inmobiliaria de vendas e non de promoción do solo industrial, que é o que figura nos estatutos", concluíu.

Enfado nas filas do PP

Dende a o oposición, a portavoz do Partido Popular, Dalia García, amosou o seu descontento ante os movementos do goberno melidense e reivindicou como propias "xa dende o ano 2017" as xestións feitas ata o momento para dotar de solo industrial ao municipio.

Melide aproba uns orzamentos para 2020 de 7,7 millóns de euros

O incremento é do 13% con respecto ao anterior

Case 8 millóns de euros, ese é o orzamento aprobado polo Concello de Melide para o ano 2020 e que supón un incremento do 13% con respecto ao último aprobado polo Partido Popular, prorrogado en dúas ocasións. "Estamos falando dun orzamento que vai de 6.876.522 euros a 7.781.279", destacou o concelleiro de Promoción Económica e Facenda, Xosé Igrexas, na presentación das primeiras contas do novo goberno bipartito de Melide.

Tras recalcar que "o anterior goberno do Partido Popular, con maioría absoluta, non foi capaz de aprobar en dous anos un orzamento axeitado para o pobo", Igrexas salientou que o obxectivo principal dos novos orzamentos será "a modernización administrativa porque temos unha serie de carencias preocupantes", así como "iniciar novos proxectos", e destacou que se trata dunhas contas realistas e transparentes. "Primeiro realistas porque no apartado de ingresos só se tivo en conta os ingresos reais que se produciron ao longo de 2018 e nos seis primeiros meses de 2019, e transparentes porque vai especificado todo o que queremos facer", aclarou.

Entre as partidas máis importantes destacan a de gastos correntes, un 46%, seguida dos gastos de persoal cun 27%. Con respecto ao capítulo relativo aos gastos de persoal prevense así mesmo que as retribucións experimenten un aumento do 2,5% previsto como suba salarial polo Estado. "Ademais, na mesa de negociación cos sindicatos o pasado 14 de novembro onde se aprobou por unanimidade o cadro de persoal, tamén se chegou a acordos para a modificación da RPT que se levará a cabo no 2020, así como a aprobación do primeiro convenio colectivo entre outros acordos en materia de persoal", explicou Igrexas.

En canto ao capítulo de investimentos, este está orzamentado para 2020 con case 1.800.000 euros. Destacan algunhas intervencións como a reforma da rúa Camiño Real, a mellora de servizos e seguridade vial de Martagona e Furelos, ou a renovación de alumeado público exterior "que se solicitará a través dunha subvención do IDAE".

En relación aos investimentos, o concelleiro de Facenda non quixo pasar por alto que "temos que destinar integramente o POS do ano 2020, que son máis de 311.000 euros, a pagar facturas pendentes a provedores deixadas polo anterior goberno, e non só iso, porque os 311.000 euros non chegan para pagar o montante global do que o anterior equipo de goberno deixou sen pagar", afirmou Igrexas.

Ao remate da súa intervención, Xosé Igrexas lembrou que coa modernización administrativa que permitirán os novos orzamentos (conforme á nova lei de contratos), "conseguiremos ademais que deixe de haber contratos irregulares e caducados, porque a día de hoxe só hai dous en vigor, o da auga e o do lixo".

Pola súa parte, dende o PP, que votaron en contra, cualificaron os orzamentos de "electoralistas e pago de favores".

Dalia García denuncia un ataque vandálico ao seu vehículo en Melide

Dalia García, exalcaldesa de Melide e voceira do Partido Popular local, sufriu un ataque vandálico ao seu vehículo mentres asistía a unha cea na vila en representación do seu grupo político o pasado 30 de novembro.

Foto: PPM

"Das preto de 200 persoas que estabamos na cea anual da asociación de mulleres rurais do municipio, todas aparcamos os nosos vehículos preto do Palacio de congresos de Melide. Lamentablemente, o único vehículo que sufriu danos foi o meu, o que fai pensar que non foi unha casualidade" apuntou García.

"Apenas unha hora máis tarde de ter chegado ao recinto, fun alertada de que o meu vehículo tiña as luces acesas e unha luna rebentada da parte traseira. Acerqueime ao mesmo e puidemos comprobar, xunto con outros compañeiros e compañeiras, que se trataba dunha pedra que tiveron arroxado ao interior do mesmo", relatou García. "De seguido alertamos á patrulla da Garda Civil para que fixera a inspección ocular pertinente, e indicase os pasos a seguir. Nun primeiro momento non detectei que se tratase dun roubo xa que os presuntos culpables ou culpable puideron ter levado varias cousas como un cargador de móbil ou incluso algunhas moedas que había no vehículo, mais só se centraron nas chaves do domicilio e da sede municipal do partido, o que é canto menos curioso", engadiu.

García tamén indicou que "moito a meu pesar, non é a primeira vez que recibo ameazas por estar en política, xa que fai cinco meses tamén tiven que denunciar un suceso de ameazas verbais bastante serias; en todo caso, recordo que o exercicio das diferentes opcións políticas é libre e constitúe un dos maiores logros da nosa democracia. Xa adianto que estas prácticas, que deberían estar desterradas da nosa sociedade actual, non van provocar que deixe de facer unha das cousas que máis me gusta: estar ao servizo da miña vila e dos veciños e veciñas de Melide".

Pola súa parte, foron numerosas as mostras de apoio recibidas así como a condena do sucedido. Dende o grupo municipal do PP expresaron "a repulsa máis absoluta a todas as formas de violencia", mentres que dende o Concello de Melide, a través dun comunicado, condenaron "rotundamente o acto vandálico ocorrido".

José Manuel Pérez, alcalde de Melide, en representación de toda a Corporación Municipal, expresou a súa "condena ao acto acontecido" e amosou a súa "repulsa radical a quen amosa desprezo a un dos dereitos fundamentais do ser humano como é a liberdade, e trata de acobardar ao conxunto da veciñanza. Somos unha vila que cre na convivencia pacífica, na tolerancia, na liberdade e no respecto dos Dereitos Humanos, e é por iso que amosamos o noso rechazo a calquera tipo de manifestación da violencia e condenamos o acto acontecido do que foi vítima a nosa veciña Dalia García".

A portavoz municipal do Partido Popular de Melide realizou a correspondente denuncia ante a Garda Civil, á espera de que se esclarezan os feitos.

O PP local alerta dunha segunda "oleada" de roubos na vila

O Partido Popular de Melide advertiu de que se está a producir unha "segunda oleada de roubos en industriais e hostalería nos últimos días en Melide". "Ás portas do Nadal, nunha vila con dinamismo económico envexable, a inseguridade estase voltando a tónica habitual", destacou a portavoz do PP local, Dalia García, quen tamén lembrou que no último pleno ordinario instou ao goberno local "a solicitar reforzos á Delegación do Goberno en Galicia".

Á espera de coñecer se a solicitude foi feita, dende o Partido Popular de Melide presentaron a súa propia ante a Delegación do Goberno, pedindo o reforzo tanto da área rural como urbana cun maior control de seguridade. Así mesmo, os populares expresaron a súa vontade de trasladar a preocupación pola baixa taxa de reposición de efectivos por xubilación.

Atopan 7 cabalos mortos e 22 mal nutridos nunha explotación da vila

A Garda Civil investiga a un veciño que xa é "multirreincidente en delitos de maltrato animal"

Fotos: GC

A Patrulla do Seprona da Garda Civil de Santiago procedeu á investigación dun veciño de Melide por un suposto delito contra os animais domésticos.

A investigación tivo lugar a raíz de que a Garda Civil advertise diversas irregularidades en materia de sanidade animal, que xa foran observadas en anteriores ocasións e no mesmo lugar. Así, ao entrar nas instalacións, os efectivos comprobaron a existencia de 29 equinos, 7 deles mortos. Ademais, "todos os cabalos mostraban signos de mal nutrición, mala hixiene e falta de coidados imprescindibles para a súa existencia".

Chama a atención que dous dos animais falecidos atopábanse en cortes individuais e contiguas nas que se puideron apreciar "signos evidentes da agonía sufrida e das tentativas de escapar dos habitáculos onde se atopaban amontoados".

Á vista do exposto, requeriuse a colaboración dos Servizos Veterinarios Oficiais da Consellería de Medio Rural para a inspección das instalacións, e tamén para a valoración do estado dos animais, "sendo a mesma entidade a que procedeu a adoptar as medidas necesarias para preservar a vida dos animais". Finalmente, os feitos foron postos en coñecemento ante o Xulgado de Arzúa.

Antecedentes

Dáse a casualidade de que na mesma parcela de Melide o pasado mes de maio tamén a patrulla do Seprona tivo que intervir, dando como resultado o achado de 6 cadáveres de cabalos e 2 cadáveres de cans. Algúns dos corpos dos animais falecidos presentaban un avanzado estado de descomposición.

Do mesmo xeito, xa no ano 2012 tamén tivo lugar outra intervención policial similar.

Piden auditar un cruceiro nos Ánxeles tras unha tala de madeira

O PP de Melide rexistrou unha solicitude de auditoría na Dirección Xeral de Patrimonio Cultural tras detectar "unha actividade agresiva co patrimonio cultural localizado na parroquia dos Ánxeles, cun risco claro para o seu cruceiro".

Segundo comunicaron, procedeuse a unha tala de madeira que puxo en risco esta peza arquitectónica datada do século XVIII.

"Veciños e veciñas da parroquia dos Ánxeles puxéronse en contacto coa nosa formación para comunicarnos a súa preocupación pola integridade dunha peza patrimonial tradicional, así como para denunciar o estado no que quedou a corredoira de acceso despois de que a maquinaria, de grande tonelaxe, utilizase esa vía e actuase a escasos metros do cruceiro", apuntaron.

A depuradora do polígono e unha senda peonil, emendas do PSOE á Xunta

A construción da depuradora para o polígono industrial e unha senda peonil para o Camiño Primitivo son as emendas presentadas polo grupo parlamentario do PSdeG-PSOE aos orzamentos da Xunta de Galicia 2020 en relación a Melide.

"Xa que nos orzamentos da Xunta de Galicia para o ano 2020 non se consigna ningunha partida para solucionar problemas importantes do pobo, só figuran unha mínima cantidade de 50.000 euros para un saneamento", explicou o voceiro do PSdeG-PSOE de Melide, José Antonio Prado, "o grupo socialista no Parlamento de Galicia, a instancia do PSOE melidense, presentou como emendas dúas actuacións consideras necesarias e urxentes".

Así, unha emenda, coa cantidade de 550.000 euros, é para a construción dunha EDAR no polígono industrial da Madalena "que resolva os problemas da falta de saneamento dende a súa creación"; mentres que a segunda, cunha cantidade de 200.000 euros "propón actuar sobre a seguridade viaria nun tramo do Camiño Primitivo que nos últimos anos presenta un aumento enorme de peregrinos, que teñen que facer un tramo de 3.5 km de pista de asfalto dende o limite do concello de Toques, sen arcén e con moita circulación de vehículos".

Recollida de xoguetes para o Nadal ata o 2 de xaneiro

O Concello de Melide, a través da súa concellería de Política Social e Igualdade, pon en marcha ata o 2 de xaneiro de 2020 unha campaña de recollida de xoguetes de Nadal para entregar posteriormente á poboación máis necesitada do municipio.

Trátase dunha campaña que se pon en marcha anualmente por estas datas baixo o lema "Para que todas as nenas e nenos teñan agasallos no Nadal".

O lugar de recollida será o centro social de Melide e os xoguetes terán que estar en bo estado para poder ser entregados.

Finalizado o prazo de entrega, os servizos sociais do Concello de Melide repartirán os xoguetes recollidos nesta campaña entre as familias con menos recursos da vila. Deste xeito, todos os rapaces e rapazas poderán gozar dun agasallo nun día tan especial e esperado para eles como é o día de Reis.

Máis de 22.500 visitantes dende xullo ata novembro

A oficina de información turística do Concello de Melide vén de facer balance dos cinco meses que estivo aberta ao público no ano 2019, dende xullo e ata novembro.

Segundo se desprende do informe dos técnicos, durante este período a oficina recibiu un total de 22.552 visitantes.

Case a súa totalidade foron peregrinos do Camiño Francés (96%), xa que a oficina atópase no transcurso desta ruta de peregrinación. O 4% restante, 824, correspondeu a turistas, a gran maioría excursionistas chegados de Galicia. Tamén destacan os que viñeron de Madrid e País Vasco.

As cifras mostran que este ano houbo un forte crecemento con respecto ó ano anterior, cun incremento do 12,15%. Pasouse de 20.109 visitantes no 2018 a 22.552 no ano 2019, "a cifra é moi elevada tendo en conta que este ano a oficina de información está pechada no mes de decembro" apuntaron os técnicos de turismo.

Descenso en novembro

Con todo, recibíronse un total de 608 persoas o pasado mes de novembro; o que supón un 29,8% menos se o comparamos co mesmo período do ano pasado. Entre os motivos principais deste descenso figuran "as malas condicións climatolóxicas que se viviron en Galicia", tal e como apuntaron dende a propia ofincia de turismo local.

En canto aos datos, segundo o informe dos técnicos, pasaron pola oficina unha media diaria de 21 persoas, procedentes de diversos países do mundo.

Unha quincena de persoas fórmanse en atención sociosanitaria a dependentes

O director xeral de Orientación e Promoción Laboral, Pablo Casal, visitou a Unidade de Acción Formativa de Melide, onde actualmente se está impartindo un curso de atención sociosanitaria a persoas dependentes en institucións sociais. En dito curso participan 14 alumnas e un alumno, na súa maioría persoas desempregadas.

Durante a súa visita, na que coñeceu as diferentes instalacións do centro melidao, Pablo Casal destacou "a aposta da Xunta pola formación para impulsar a mellora da empregabilidade dos galegos e galegas".

O curso de atención sociosanitaria, que se desenvolve desde agosto ata decembro, ten unha duración de 450 horas, combinando formación teórico-práctica no propio centro con prácticas profesionais en institucións sociosanitarias.

A superación do curso permite aos participantes obter un certificado de profesionalidade na correspondente área.

O IES de Melide 'presume de galego' unha edición máis

Foto: PMP

O IES de Melide recolleu un novo premio; trátase neste caso do Premio Mil Primaveras outorgado ao proxecto desenvolvido ao longo dos últimos cinco anos, *Eu Presumo de Galego*.

O galardón recoñece a aqueles proxectos cuxo obxectivo é normalizar o uso da lingua galega, especialmente entre a mocidade, por iso, o xurado premiou ao centro educativo na categoría de fomento do galego na infancia e/ou mocidade.

Segundo recoñeceu o xurado, a iniciativa do IES de Melide ofrece "un modelo de traballo de calidade para a detección de necesidades concretas en contextos galegofalantes, onde a reflexión sociolingüística e a promoción do galego entre a mocidade se insiren nun proxecto educativo transversal". Ademais, "valorouse positivamente a súa flexibilidade e eficiencia".

Eu presumo de galego é unha iniciativa na que a partir dunha actividade concreta -como é un concerto-, o IES de Melide creou un proxecto transversal que inclúe accións relacionadas coas matemáticas, a tecnoloxía, o traballo coa madeira, a radio ou a edición de vídeo.

O premio foi entregado por María Ortega, deputada provincial de Normalización Lingüística.

A Casa da Cultura levará o nome de Mingos de Pita

Foto: CM

O Concello de Melide aprobou no pleno ordinario do mes de novembro, cos votos a favor de Adiante Melide e PSdeG-PSOE, e a abstención do Partido Popular, que a Casa da Cultura municipal leve por nome Mingos de Pita, veciño da vila e referente cultural falecido a finais de 2017.

Xosé Domingos Fuciños, máis coñecido como "Mingos de Pita", foi concelleiro en Melide, activista cultural, membro cofundador do Museo da Terra de Melide, investigador da historia local, músico e, por encima de todo un gran promotor da cultura de Melide.

‘Encontro en outono’ en Toques

Tamén se presentaron as actividades do Xacobeo 2021

O sábado 30 de novembro Toques acolleu unha nova edición do "Encontro en outono" que contou cunha grande afluencia de público.

Foron numerosas as actividades realizadas, empezando por un obradoiro de xoguetes reciclados onde pequenos e maiores puideron gozar da man de Xanela Ocio. Tamén acompañou a música do Balado que amenizou a xornada animando aos asistentes a participar do baile.

Aproveitando a ocasión, no transcurso da xornada tivo lugar a presentación do Programa “Xacobeo 2021 no Camiño Primitivo en Toques", onde se deu conta das actividades a realizar no municipio de cara ao próximo Xacobeo. Unha destas iniciativas a desenvolver será por exemplo a realización do Camiño de Santiago por etapas organizado polo propio Concello.

Xa ao remate da cita, os asistentes puideron degustar torresmos asados, acompañados cun viño da zona, xunto cos doces de Panadería Toques.

Fotos: CT

Como novidade, este ano tivo lugar unha exposición de enxebres utensilios empregados no fogar que “espertaron as lembranzas dos maiores e a curiosidade dos cativos”.

Inquedanza na comarca ante os numerosos actos vandálicos

A preocupación na comarca ante os numerosos actos vandálicos acontecidos nas últimas semanas non deixa de medrar.

Aos numerosos asaltos a locais de hostalería de Melide, así como a distintas naves no polígono da Madalena, hai que sumar as desfeitas na capela do Carmen (no Castelo), e na igrexa de Santa María (Campos).

Pero a lista non remata aí porque os amigos do alleo tamén entraron nas igrexas de San Antolín e Santa Uxía, ambas en Toques, aínda que sen subtraer nada tal e como confirmaron fontes policiais; iso si, as desfeitas foron cuantiosas.

Chama a atención tamén o acontecido en Arzúa, onde nunha mesma noite os vándalos queimaron dous vehículos e romperon as ventás doutros sete; uns feitos que a benemérita trata de determinar se corresponden a actos vandálicos ou roubos.

Dúas novas liñas do PEL para crear emprego entre a mocidade no rural

A Deputación da Coruña aprobou por unanimidade dúas novas liñas do Plan de Emprego Local (PEL) destinadas a potenciar a posta en marcha de proxectos empresariais e a creación de emprego para a mocidade nos concellos máis pequenos e rurais da provincia.

As novas liñas PEL-Rurinnova e PEL-Relevo suman un investimento global de 918.000 euros, cofinanciados nun 91% polo Fondo Social Europeo (FSE), e teñen como obxectivo apoiar a inserción laboral, o autoemprego e o emprendemento entre os mozos e mozas de menos de 30 anos dos concellos coruñeses con poboación inferior aos 5.000 habitantes, ou naqueles municipios con menos de 10.000 habitantes que presenten un saldo demográfico negativo na última década.

Con estas dúas nova liñas poranse en marcha 60 proxectos empresariais e a contratación de 80 mozos e mozas menores de 30 anos.

Numerosos actos contra a violencia de xénero en toda a comarca o 25 N

Os concellos da comarca acolleron diferentes actos durante o 25 de novembro. Así por exemplo, o Concello de Melide, a través da súa Concellería de Política Social, adheriuse ao protocolo da campaña En Negro contra as violencias machistas na que participaron este ano 113 Concellos galegos, tres Deputacións e diferentes axentes sociais.

Durante os días previos ao 25 de novembro, e tamén nos posteriores, os comercios e empresas de Melide colgaron nos seus escaparates carteis co lema Melide en Negro, unha campaña que durará ata o 25 de decembro.

En canto aos actos propios do día 25, no Concello de Melide foron a avogada do Centro de Información á Muller local, Silvia Míguez; a concelleira de Política Social, Carmen Liñeira; e a técnico de Cultura de Melide, Rosalía Romero, as encargadas de ler un manifesto na Praza do Convento no

Foto: C.M.

que condenaron a violencia machista en todas as súas formas.

Tamén no IES de Melide, dentro do programa Melide en Feminino, os alumnos e alumnas traballaron conceptos como a desigualdade, machismo, ou sexismo na música ao longo da historia facendo un cambio nas letras das cancións por unha linguaxe non sexista.

A xornada do 25 de novembro en Melide rematou cunha concentración ás oito da tarde na Praza do Convento, na que o alumando do CEIP Mestre Pastor Barral aportou diferentes mensaxes de represalia á violencia de xénero, e tamén cantaron unha canción.

En palabras de Carmen Liñeira, “o programa Melide en Feminino foi moi satisfactorio tanto en participación como en actos desenvolvidos, polo que esperemos que sexa un proxecto de continuidade de cara a vindeiros anos”.

No resto da comarca, en Santiso por exemplo tivo lugar unha charla informativa sobre agresións sexuais e violencia sexual, mentres que en Sobrado levouse a cabo un taller sobre formación e sensibilización no colexio.

BREVES

Prevención de lumes. -Os cazadores galegos e os membros do Servizo de Prevención e Defensa contra Incendios Forestais (Spdcif) reforzarán a súa colaboración en materia de loita fronte o lume a través de diferentes xornadas preventivas conxuntas, que se desenvolverán ao longo do próximo inverno e a primavera de 2020.

Estas actividades desenvolveranse sobre o terreo e, ademais de servir para mellorar a coordinación en tarefas de detección, vixilancia e disuasión, tamén facilitarán a actuación directa do colectivo de cazadores colaborando en labores de silvicultura preventiva tales como a roza de pistas, a limpeza de terreos forestais ou a mellora de puntos de auga.

Sobe o paro. -O mes de novembro deixou un total de 40 desempregados máis na comarca, pasando a cifra global de 532 a 572. Por concellos, o paro subiu en todos menos en Sobrado, onde a cifra baixou de 59 a 55 persoas sen emprego. En Melide son un total de 393 os parados (24 máis que no mes anterior), en Santiso, 75 (15 persoas máis), e en Toques, 49 (5 desempregados máis).

Premiadas unha granxa de Santiso e outra de Toques. -A granxa de Mónica Penas González, en Toques (categoría de granxa grande); e a de Plácido Gosende Couso, en Santiso (categoría de granxa mediana), recibiron os premios Exceleite 2019 que outorga a Consellería de Medio Rural ás mellores explotacións leiteiras galegas no ámbito hixiénico-sanitario.

A estes premios optaron todas as explotacións leiteiras de gando vacún de Galicia que realizan os seus autocontrois de calidade no Ligal, e que estan dadas de alta no Recaldi.

Instituto de la Sordera

Esta Navidad. Regale Salud Auditiva!

Volver a oír bien, es una decisión que cambiará su vida.

- **AUDÍFONOS PRIMERAS MARCAS**
- **Ajuste de sus audífonos** personalizados.
- **Revisión y seguimiento** de sus ayudas auditivas.
- **Mantenimiento y reparación** de sus audífonos.
- **3 años de garantía.**
- **Pilas gratis*** para sus audífonos.
- **Financiación a medida** para la compra de sus audífonos.
- **Ayudas técnicas** para TV y Telefonía.
- **Protección auditiva** contra el agua y ruido.
- **Productos de limpieza** y accesorios para sus audífonos.

***Según modelo y durante el 1º año.**

Esta manta de Regalo por la compra de sus audífonos

Compromiso de satisfacción total,
si no queda satisfecho le devolvemos su dinero.

Ven a probar la última tecnología y olvidate de las pilas!

AUDÍFONOS RECARGABLES

Sencillos, automáticos,estéticos

PHONAK life is on A Sonova brand

Revisión Auditiva Gratuita

Garantía de Prestación Sanitaria

Establecimiento Sanitario Autorizado por la Xunta de Galicia nº E-15.001359

Pida su cita al T. 648 754 761

Ronda de la Coruña 34. MELIDE

intres
FOTOGRAFÍA
Avd de Toques,2
Melide (A Coruña)
658 663 898
881 974 224
in3foto@gmail.com
" Se sabes agardar,
a xente esquecerase da túa cámara
e entón a súa alma sairá á luz"
Steve McCurry
in3

óptica melide
Rúa do Convento, 17 - MELIDE
Tel. 981 505 467

MOBLES ARES
Tfno.: **981 50 55 64**
Ronda da Coruña, 62
Rúa Florentino López Cuevillas, 12
15800 **Melide** (A Coruña)
Deséxalles Bo Nadal e un
feliz descanso no vindeiro ano
Visítanos tamén en
www.moblesares.com
ABERTO DOMINGOS DE 10h a 14h

ORTOSAÚDE
*ORTOPEDIA
*GABINETE TÉCNICO
Ronda de Pontevedra, 6
15.800 MELIDE (A Coruña)
Tfno.: 981 50 78 74
ortosaude@hotmail.com

Sabadell
Estar donde estés

¿TIENES
PLANES
PARA TU
JUBILACIÓN?

Queremos ayudarte a hacer realidad tus proyectos. Por eso, si traes tu plan de otra entidad a uno de los planes de pensiones individuales que ofrece Banco Sabadell, puedes conseguir un incentivo económico* del

4%

Infórmate en bancosabadell.com/pensiones.

*Promoción realizada por BanSabadell Pensiones, E.G.F.P., S.A., aplicable a movilizaciones de entrada de planes de pensiones individuales que cumplan lo siguiente: (i) provenientes de entidades no participadas por Banco Sabadell, hacia planes de pensiones individuales de BanSabadell Pensiones incluidos en la presente campaña; (ii) realizadas entre el 23/07/2019 y el 31/12/2019; (iii) por un importe igual o superior a 10.000 euros para partícipes de 50 años o más, o por un importe igual o superior a 30.000 euros para partícipes menores de 50 años; (iv) con compromiso de permanencia de 7 años para el importe concreto del saldo que se fije en el acuerdo de compromiso de permanencia firmado por el partícipe, y (v) estableciendo un plan de aportaciones periódicas mensuales por un importe igual o superior a 150 euros/mes que debe mantenerse durante 2 años ininterrumpidamente. Puede consultar el documento informativo con las condiciones sobre este y otros incentivos económicos en www.bancsabadell.com/pensiones. BS Plan Ético y Solidario no se incluye en la promoción. Producto no garantizado. La rentabilidad dependerá de la rentabilidad de la cartera de activos de cada fondo de pensiones. Entidad gestora: BanSabadell Pensiones, E.G.F.P., S.A. Entidad depositaria, entidad promotora y comercializadora de planes de pensiones: Banco de Sabadell, S.A. El documento con los datos fundamentales para el partícipe está a disposición del público en las oficinas de Banco Sabadell, así como en la página web del banco, www.bancosabadell.com, apartado "Pensiones". **Consulte los indicadores de riesgo y las alertas de liquidez correspondientes a productos concretos en la siguiente página web: www.bancsabadell.com/pensiones.** Documento publicitario.

MERCAR EN MELIDE
Todo un acerto
ESTE
Nadal
TOCA
en MELIDE
2019
10 DE XANEIRO DE 2020
SORTEO NA CASA DA CULTURA
ÁS 20:30 H
6200€
ACTÚA E PRESENTA Eva Iglesias
RECITAL DE POESÍA CON
Ana Vila Portomeñe
Mª Luisa Pereiro
CentroComercialAberto
ASETEM
XUNTA DE GALICIA
CONCELLO DE MELIDE

Fiando nas letras, primeira obra da poetisa melidense Mª Luísa Pereiro



O venres 13 de decembro terá lugar ás 20:30 horas, no Museo da Terra de Melide, a presentación do primeiro libro de poemas da modista melidense Mª Luísa Pereiro, *Fiando nas Letras*.

Trátase dun libro que recolle 29 poemas, todos escritos en galego, con temática variada. "Hai de todo, dende algún que trata sobre o amor, ata outros dedicados aos meus seres queridos como son miña nai, meu pai ou o meu neno, e despois por suposto destacan especialmente os poemas dedicados a Galicia e ao noso idioma, e por suposto á muller", explica María Luísa.

Entre os poemas dedicados á muller destaca un especialmente. "Todas as mulleres ás que lles dediquei un poema foi porque me marcaron dalgún xeito, como por exemplo miña avoa, pero se tivese que destacar algún sería o que escribín despois de falar cunha clienta que me contou que fora maltratada; marcoume tanto que lle quixen escribir unhas liñas".

Foi precisamente con ese poema co que María Luísa gañou un certame de poesía no Concello de Santiso baixo o pseudónimo de *A fiandeira das verbas*; "e a raíz de *A fiandeira das verbas* saíu o título do libro, *Fiando nas letras*", engade.

María Luísa Pereiro comezou con esta afección dende moi pequeniña e, pasado un longo período de tempo sen escribir, retomou a súa paixón tralo falecemento de súa nai. "A afección vénme dende o colexio, cando a profesora de galego nos mandou ler a Rosalía de Castro e fomos de excursión a visitar a súa casa. Alí había libros a vender e eu comprei o libro de Rosalía, *A mi madre*; lino e marcoume moitísimo. A partir de aí digamos que non parei de escribir, primeiro poesía, logo un diario, e así sucesivamente. De feito aínda conservo o primeiro poema que lle escribín ao meu marido", lembra.

Da súa primeira obra editáronse un total de 200 exemplares que poden adquirirse en todas as librerías de Melide.

Outros proxectos

Despois do seu primeiro traballo publicado, María Luísa Pereiro xa traballa noutros proxectos, un deles en castelán e que vai levar por nome *Con una pluma y un café*. "Teño tamén outro en proceso que vai ser en común co meu fillo, porque a el gústalle moito debuxar, así que a cada debuxo que el fai, eu escríbolle un poema", explica. Será un libro para nenos.

Do mesmo xeito, na gala do sorteo de Nadal de Asetem-CCA, María Luísa Pereiro actuará conxuntamente con Ana Vila Portomeñe, *a poeta labrega*, a través dun recital de poesía. "Ademais de recitar os poemas trátase de escenificar dous en concreto que ambas escribimos por separado pero partindo dun mesmo suceso, que foi o asasinato dunha muller e de súa irmá a mans do marido da primeira, diante das fillas. Marcounos tanto o suceso que nos saíu a cada unha un poema; a Ana de rabia, e a min de pena".

O recital de poesía será o venres 10 de xaneiro a partir das 20.30 horas na Casa da Cultura de Melide.

Nadal na Comarca

Melide.- O Concello de Melide programa actividades durante todo mes de decembro e a primeira semana de xaneiro, dirixidas a grandes e cativos. Cine, deporte, teatro, obradoiros e música son algunhas das alternativas para este Nadal Cultural. Así por exemplo, ata o 18 de decembro poderá visitarse a exposición "O Fin do Camiño" na Casa da Cultura.

Como unha das novidades da programación deste ano, visitará Melide o monologuista J.J. Vaquero o sábado 28 de decembro ás 20.30h na Casa da Cultura para dar paso o día seguinte, 29 de decembro á programación infantil con Pavillón Lino.

O ano rematarase en Melide como é habitual coa tradicional San Silvestre que comezará ás 16.30h na praza do Convento e que estará organizada pola Asociación Deportiva Cerne.

Xa no mes de xaneiro, a maxia con Cayetano Lledó e diferentes obradoiros ocuparán o tempo de ocio das familias da vila.

No centro social, como é habitual haberá unha celebración especial para despedir o ano o día 29 de decembro coa música de Suso de Boente e o luns 6 de xaneiro para festexar o día de Reis.

Grazas á colaboración da Asociación Cultural Charamela de Melide, un belén vivinte recibirá aos Reis Magos na Casa da Cultura de Melide o domingo 5 de xaneiro. As tres maxestades de Oriente percorrerán as rúas de Melide dende as 18h da tarde.

Santiso.- Teatro, música e o campamento de Nadal centran as actividades no Concello de Santiso. Iso si, o 24 de decembro Papá Noel achegarase ata o pavillón polideportivo de Arcediago ás 11 da mañá para recoller as peticións de nenos e maiores. A cabalgata de Reis terá lugar o 5 de xaneiro ás 12.30 no polideportivo de Arcediago, e ás 18.00 no local cultural de Visantoña.

Toques.- A cabalgata de Reis sairá o día 5 do campo de Fútbol de Toques ás 16.30 horas.

Sobrado.- En Sobrado as súas maxestades deixaranse ver a partir das 17.00 horas.

A Fundación Andrea nomea a Sonia Valiño *Hada Madrina*

Hai que sorrir sempre, e máis cando hai motivos para facelo, sobre todo cando contamos boas novas. É o caso de Sonia Valiño Vázquez, veciña melidense e expresidenta de Asetem-CCA que recentemente foi recoñecida pola Fundación Andrea, e nomeada "Hada Madrina", polo seu traballo desenvolvido en Melide a favor desta asociación de apoio a nenos con enfermidades de longa duración, crónicas ou terminais.

Foi no transcurso da gala anual da fundación que preside Charo Barca, celebrada no Pazo de San Lourenzo e á que asistiron preto de 500 convidados, e que estivo conducida polo actor Francis Lorenzo e a presentadora Yolanda Vázquez.

"Foi toda unha sorpresa, a verdade é que fun á gala enganada, pero non puido ser unha gala máis emotiva", relatou emocionada Sonia Valiño, quen non deixou pasar a oportunidade para agradecer a distinción. "O mérito non é só meu, o mérito é de todo Melide, de todos e todas as que nos axudaron a recadar fondos para a Fundación Andrea; os colexios, as mamás, Melide Móvese, a gala do Combo Dominicano, o desfile de Asetem, e multitude de accións máis; todo iso é o que a Fundación Andrea quixo recoñecer nomeándome Hada Madrina, así que o mérito é de todos, partindo dos que doaron incluso de forma anónima. Eu só podo dicir gracias a Melide e que vou a seguir colaborando en todo o que necesiten".

Xunto a Sonia Valiño tamén foron distinguidos coa "varita mágica de Hada Madrina" a conselleira do Mar, Rosa Quintana; o empresario José Ramón García; e Montse Otero, directora da aula hospitalaria do Complexo Hospitalario Universitario de Ourense.

Do éxito da XXX Semana da Música o Festival de Panxoliñas

Éxito rotundo da XXX Semana da Música da Terra de Melide tanto en afluencia de público como en calidade musical, e é que tal e como informaron dende a organización "o día que menos xente houbo foron 225 persoas". Varios cheos absolutos da Casa da Cultura deron conta do bo momento que atravesa este evento que cumpriu o seu 30 aniversario cunha "total conexión entre público e grupos musicais". A seguinte cita terá lugar o domingo 22 de decembro a partir das 19.30 horas, na Casa da Cultura de Melide, co tradicional Festival de Panxoliñas. Organizado tamén pola Coral Polifónica de Melide, xunto a ela actuará Follas Novas; formación que dirixe Fernando Vázquez Arias.

Un espumoso no *Itinerario Gastronómico*

Melide acolleu por terceiro ano consecutivo as xornadas de exaltación de produtos gastronómicos dos concellos da Mancomunidade de Municipios Galegos do Camiño Francés. Trátase dunhas xornadas que se organizan baixo o nome de Itinerario Gastronómico, e que perseguen o obxectivo de dar a coñecer os produtos típicos dos municipios que forman parte deste colectivo. Nesta ocasión presentouse o viño espumoso Casa Mejuto que maridou cos doces típicos da zona como son os melindres, os ricos e os amendoados.

Foto: V.E.

Melide Fútbol Sala, un equipo con futuro

Que hai futuro en Melide para o fútbol sala ninguén o discute e proba diso son os tres equipos do Club Melide Fútbol Sala en activo.

Recentemente realizaron as fotografías oficiais onde podemos ver (arriba de todo), ao equipo Alevín, que xoga na competición de Primeira Galicia.

No medio, o equipo Benxamín que xoga na competición comarcal de Santiago Grupo A.

E abaixo, o equipo Biberón que xoga na competición comarcal de Santiago Grupo A.

Todas son competicións organizadas pola Real Federación Galega de Fútbol na especialidade de Fútbol Sala.

Mención para o Ayude de Santiso

Arce, Soutomaior, foi o escenario elixido para a gala do Kickboxing Galego de 2019 na que se premiaron a todos os deportistas polos seus éxitos e traballo coa Federación Galega de Kickboxing. Os irmáns Ayude, do Ayude de Santiso, acudiron a recoller a súa Mención polo campionato de España, xa que foron os únicos en acadar tal xesta ao proclamarse os tres campións de España no mesmo campionato. Un fito histórico que non se deu antes na traxectoria do kickboxing nacional.

Curso de dinamización comunitaria

O centro de formación de CLUN en Melide vai acoller a celebración dun curso de Dinamización Comunitaria dende o 20 de xaneiro ata o 22 de xullo en horario de 9.00 a 14.00 horas. A formación inclúe 120 horas de prácticas profesionais non laborais. A inscrición pode realizarse a través da Oficina de Emprego de Melide ou directamente chamando por teléfono ao 981 58 47 83.

Torneo solidario e familiar en Sobrado

O Concello de Sobrado organiza un torneo solidario e familiar de Reis. Será o sábado 4 de xaneiro de 16.30 a 18.30 horas. Haberá categoría individual, e tamén por parellas cun familiar. Así, poderán participar adultos e nenos con idades comprendidas entre os 4 e os 13 anos. O prezo do torneo consistirá na entrega dun xoguete por participante que deberá estar en bo estado. A data límite para anotarse e entregar o xoguete no Concello é o 27 de decembro.

Mercado solidario no Mestre Pastor Barral

A clase de 5º de Primaria do CEIP Mestre Pastor Barral de Melide pon en marcha o mercadillo solidario “Moito máis ca un xoguete!!”. Trátase dunha iniciativa coa que pretenden recadar fondos a favor de diferentes asociacións. Así por exemplo, elaborarán un calendario solidario cuxos beneficios irán destinados a Asanog (Asociación de Axuda a Nenos Oncolóxicos de Galicia) e Asotrame (Asociación Galega de Transplantados de Medula Ósea). A maiores, o recadado na celebración do mercado de xoguetes e libros infantís irá para a Fundación Andrea e tamén para Asanog. Todas aquelas persoas que desexen colaborar poden entregar xoguetes ou libros infantís no colexio e tamén participar posteriormente no mercado solidario que se celebrará ao longo do mes de decembro.

Aspirador de escoba digital
Conga RockStar 300 Extreme

Robot de cocina
Mambo 9090

ELECTROSAN

TODO LO NECESARIO PARA TU HOGAR A LOS MEJORES PRECIOS: VEN Y COMPRUÉBALO!!!

C/ Martagona, 13 · **MELIDE** (981 50 79 64) - *electrosanmelide@gmail.com* Electrosan

Robot Aspirador
Conga 4090 Titanium

Olla programable
Olla GM G Deluxe

Cafetera megautomática
Power Matic-ccino 6000 Serie Bianca

Casa Juanito

Más de 100 años de prestigio y calidad

Especialidad en:

Pimentón *Legumbres*

Bacalao *Vinos* *Licores*

Gran surtido en cestas de navidad y baúles
Regalos navideños con productos
conocidos y de prestigio

Mateo Segade Bugueiro, 39 - MELIDE / Tfno e Fax: 981 50 51 03 / casajuanito1910@gmail.com

MENOS POLÍGONOS E MÁIS PLANIFICACIÓN INDUSTRIAL

Será cousa dos xenes, ou da cultura do país, pero eu creo que se trata da falta de preparación dos que teñen a chave dos cartos. Porque curiosamente aquí parece que é máis doado que o político de turno mande construír unha nova infraestrutura, que que se poña a avaliar en serio as carencias das que xa existen e tome as medidas oportunas para adecualas ao nivel necesario.

Cantos anos levamos neste pobo denunciando as carencias do polígono industrial de Melide? Cantos anos levamos de desidia por parte das administracións públicas? Por se fora pouca irresponsabilidade a decisión de delimitar practicamente na súa totalidade a zona industrial por un espazo de especial protección medioambiental a saber con que criterio, e lonxe de ocuparse en establecer un plan de aproveitamento sostible destes recursos, resulta que, por exemplo, deseñan e constrúen unha rede de saneamento no polígono que verte sen control e sen depuración a ese río da Rede Natura 2000, que precisamente tiñan o deber de conservar. E quédanse tan anchos. Por suposto, neste país ningún político vai a asumir ningunha responsabilidade por iso.

Parece que agora van facer algo. Polo menos, as empresas que supostamente contaminaron as nosas augas e mataron a nosa fauna terán que depurar antes de verter á rede de saneamento. Ben.

Pero despois que? Para cando a depuradora do polígono? Pois non será por non terllo preguntado tanto ao Concello de Melide como a Augas de Galicia, pero lamentablemente a estes servidores públicos aínda lles custa asumir a súa obriga de dar resposta á cidadanía.

Sen embargo, curiosamente, escoitase falar da posibilidade de construír un novo polígono pola zona do Gadis. Seica lles debe parecer a algúns que é mellor borrón e conta nova. Dirán: "Se o polígono actual ten deficiencias e problemas de ampliación, facemos outro e listo. Como pagamos a escote, malo será que non cheguen os cartos, e así inauguramos e poñemos unha medalliña".

Noutras latitudes da nosa Europa os responsables que saben que cobran precisamente por exercer esa responsabilidade, antes de decidir facer algo, analizan entre outras cousas o como e o para que. Será que alí, cando lles piden explicacións, teñen que dalas.

Se collésemos un deses responsables políticos prestado, aposto a que en lugar de soltar a ocorrencia de tirar con este e facer outro polígono, estudaría primeiramente o potencial industrial de Melide, analizaría os seus recursos, establecería uns obxectivos factibles e deseñaría unha estratexia para alcanzalos.

Se tivésemos un deses responsables políticos, aínda que fose prestado, escoitaríamos por fin falar de planificación industrial, e entenderíamos o que iso significa, porque veríamos que os cartos se gastan cun obxectivo determinado, e previamente estudado en función das nosas posibilidades.

Pero cos grandes analistas que temos, o que se escoita é que precisamos de máis solo industrial, non vaia ser que veña unha empresa grande e non teñamos onde metela, e como na Madanela non podemos medrar, pois nada, montamos outro noutro sitio. Unha análise profunda onde as haxa.

Por que non analizamos primeiro o noso potencial e vemos o que máis nos convén, para só despois planificar as infraestruturas industriais que queremos?

Melide ten 3 grandes potenciais: Produción e servizos para ao rural, cultura ligada ao Camiño de Santiago e loxística polo seu emprazamento estratéxico.

Antes de gastar os cartos en novos recursos, debemos xestionar mellor os que xa temos e enfocalos cara a eses potenciais. Sabemos que veñen tempos de profundos cambios nos que o respecto polo medio ambiente, a explotación sostible da natureza, o uso das enerxías renovables, a implantación xeneralizada da economía circular e as infraestruturas colaborativas van ser o noso día a día.

Melide pode, e debe, adiantarse e establecer uns obxectivos factibles pero ambiciosos cara a eses novos tempos, e só despois deseñar unha planificación industrial seria para alcanzalos.

ASOCIACIÓN VECIÑAL MELIDÁ

Móbil: 601 60 44 88
E-mail: asociacionmelida@gmail.com

Cerne Terra de Melide

ASOCIACIÓN DE EMPRESARIOS TERRA DE MELIDE (A.S.E.T.E.M). Nº 1. Decembro de 2004. Distribución gratuíta.

A cea organizada polos socialistas en Monterroso foi o escenario desta afirmación

José Blanco anunciou en público que a autovía vai pasar por Melide

O trazado inicial deberá ser modificado, e a desviación prevista a 12 quilómetros de Melide, eliminada. O secretario de organización do PSOE asegurou que o finanzamento da nova autovía estaría incluído nos Orzamentos do Estado para 2006

Redacción
Melide

A afirmación de Blanco motivou a reunión da Plataforma "Autovía por Melide", constituida hai case dous anos para conseguir, precisamente, que a autovía Santiago-Lugo cambiara o seu trazado inicial e non evitara o paso pola vila.
Os membros desta plataforma, entre os que se encontran representantes de ASETEM, UXT e PSOE, amósanse "espectantes de noticias" e valoran a información dada por José Blanco, pero sosteñen tamén que a plataforma non se vai disolver "ata que non estea o último tramo de autovía feito".
Agora, desde a plataforma están a solicitar información sobre os pasos dados neste sentido aos organismos competentes; Concello, Medio Ambiente e Demarcación de Carreteras do Estado. Pendentes de resposta, convocarán unha xuntanza veciñal cando teñan novos datos.

Pax. 5

A atovía por Melide está agora máis cerca de ser unha realidade

O BNG espera resposta da alcaldía de Melide para formar parte do tribunal de oposicións

O grupo nacionalista de Melide emitiu un rogo ao equipo de goberno do Concello para que se lle permita, a algún membro da súa agrupación, formar parte, aínda que só sexa con voz e sen voto, do tribunal que xulgará os exames para cinco novas prazas de funcionariado municipal convocadas polo Concello.
Desde o BNG agardan que esta ano si poidan estar presentes e non se lles negue a asistencia como ocorreu na pasada convocatoria.

Pax. 6

Melide terá un punto limpo

A Consellería de Medio Ambiente está disposta a instalar un punto limpo na vila no momento en que o Concello decida o terreo adecuado para ubicalo, que terá que ter entre 3.500 e 4.000 metros cadrados.

Pax. 6

Fase de exposición do PXOM do Concello de Toques

O Plan Xeral de Ordenación Municipal (PXOM) toquense recibiu a aprobación inicial do pleno da corporación e agora entra na fase de exposición ao público. Todos os veciños interesados poderán consultar o documento no Concello durante o prazo dun mes.

Pax. 13

O alcantarillado de Chorén segue agardando unha ubicación para a depuradora

O alcade de Santiso, a oposición e uns 22 veciños reuníronse o pasado domingo día 5 para tentar buscar unha solución ao problema. Segundo Ramón Villar, só hai dous terreos apropiados para instalar a depuradora e os dous de propiedade privada. Se finalmente, tras un prazo de 15 días ofrecido polo alcalde, os donos deses terreos seguen negándose a vendelos ao Concello, a única saída vai ser a expropiación.
A oposición, sen embargo, cre que hai outras posibilidades e que deberían buscar outros terreos.

Pax. 12

Cerne cumpre 15 anos. Este mes de decembro Cerne cumpre 15 anos de vida: 167 números editados de xeito ininterrompido cada mes. Co obxectivo de facer un percorrido polas novas máis importantes da patronal, e da comarca, inauguramos esta pequena sección onde compartiremos as portadas de cada número. A primeira: ***Decembro de 2004. Nº1***

Corazón de tinta (Alumnado do IES Melide)



Cristian Vázquez Álvarez

CRISTINA PACHECO DEL CASTILLO, TOYS MANIATIC

“Nos últimos anos, á hora de mercar un xoguete a tele é a que manda”

- Canto tempo leva ao fronte da tenda de xoguetes?
- Cristina Pacheco (C.P.): A tenda é miña dende o pasado mes de xuño, por iso lle fixemos a reforma, cambiamos o letreiro, o nome da tenda; pero vinculada a este sector xa levo moitos anos, de feito eu xa tiña unha tenda de xoguetes en Santiago, pero por temas persoais tiven que cerrar, esta quedou dispoñible e aproveitei a ocasión, porque ademais quédame máis preto da casa.

- De onde vén o nome da tenda?
- C.P.: Toys Maniatic é un grupo; é como unha franquía pero sen ser unha franquía. Somos máis de 400 tendas a nivel nacional. Concretamente nós estamos en Melide e en Arteixo, pero Toys Maniatic hai en todas partes. En Galicia por exemplo pode haber sobre 30 ou 40 tendas.

- Iso é unha garantía á hora de atopar un xoguete concreto, non?
- C.P.: Claro, é a garantía que temos á hora de que se un cliente non atopa o xoguete que está buscando na nosa tenda, sempre llo podemos conseguir en calquera das outras tendas. De feito, eu teño contacto directo todo o tempo co grupo, así que se ti ves a encargar un xoguete que eu non teño na tenda, podo meterme automaticamente na páxina web e, se me aparece, está dispoñible case ao momento. Recibilo sería cuestión dunha semana como moito.

- Como evolucionou este sector?
- C.P.: Cambiou moitísimo. Case diría que a principal diferenza que noto é que á hora de comprar un xoguete a tele manda, e xa sabemos que o xoguete que sae na tele é o xoguete de licenza, que aínda que ao mellor tan só sexa plástico é o que manda, cando realmente o xoguete que vale a pena pois non é o que máis se promove, ou nin tan sequera se promove. Por exemplo, entre o que lle gusta aos nenos e nenas atopamos toda clase de superheroes, pero o tema ciencia, tema desenvolvemento de habilidades mentais ou de axilidade mental, iso non é ao que máis publicidade se lle dá. Na tenda temos unha cantidade de xogos para desenvolvemento que son incribles e a xente non os coñece, aínda que agora empezan pouco a pouco. O que notamos ultimamente é que os pais están regalando o que sae na tele, pero complementándoo con algo educativo.

- Que variedade de xoguetes teñen?
- C.P.: Tratamos de ter unha gran variedade para que teñan onde escoller. Xogos de construción, xogos de pensar que propoñen desafíos e a necesidade de desenvolver solucións, os xoguetes de toda a vida, e tamén estamos intentando reimplantar a madeira, porque con isto da guerra do plástico hai xente que pouco a pouco vai rexeitando o plástico; sobre todo o plástico deste tipo de xoguetes que son máis de usar e tirar. E logo en canto a idades, case diría que para todas as idades; temos xoguetes dende cero meses, que é primeira infancia, ata adultos, porque hai xogos de mesa para adultos, incluso telescopios que para nada son de xoguete, e moito máis. Eu creo que podemos dicir que temos un pouco de todo e para todos.

- Preparan algunha novidade para este Nadal?
- C.P.: A verdade é que este ano temos un escaparate espectacular, impresionante, de verdade. Tanto que animamos a todos os nenos e nenas, e aos maiores por suposto, a visitalo. Creme que se van sorprender e que non vai quedar ninguén indiferente. Cando pasen pola rúa que se deteñan a miralo e entren a gozar del, porque vai valer moito a pena.

- Que hai do sexismo nos xoguetes, seguimos con iso de “estes para nenos e estoutros para nenas”?
- C.P.: Iso empeza a cambiar. Por poñer un exemplo, a maioría das cociñas de xoguete que vendemos son para nenos. Outro exemplo, hai moitos nenos aos que lles gustan os coches das bonecas, e os pais cómpranllos; antes eran máis remisos, pero agora non. É máis, eu creo que o 80% das táboas de pasar o ferro que xa vendemos, vendémosllas a nenos. Así como hai nenas ás que lles gustan os coches de radio control e tamén llos compran. Iso vai cambiando pouco a pouco, afortunadamente.

- Cal está a ser o xoguete estrela de cara ao Nadal?
- C.P.: As bonecas *Bellies*, tamén seguen mandando as bonecas *LOL*, e os bebés *Reborn* tamén, que aínda que son uns bonecos de prezo alto a verdade é que nos sorprende o ben que se están vendendo. E logo o de sempre, todo o relativo aos superheroes, as construcións grandes de *LEGO*, os *Playmobil*, tamén segue mandando a *Patrulla canina*, *Harry Potter*, e cousas semellantes. A verdade é que vai na mesma liña de anos anteriores. Logo hai excepcións, como por exemplo o *Slime*, que leva toda a vida no mercado e sen embargo é agora cando máis de moda está. Tes a fábrica de *Slime*, hai *Slime* que brilla na escuridade, hai *Slime* con purpurina...

- Como fai fronte unha tenda de xoguetes local ás grandes superficies?
- C.P.: É imposible competir coas grandes superficies, pero tratamos de facerlle fronte diferenciándonos á hora da atención, buscando o que mellor se adapte ao cliente, tratando de dar coa peza que non atopan en ningún outro sitio, asesorando. A verdade é que pouco máis podemos facer.

- Teñen algún tipo de promoción?
- C.P.: Normalmente temos todos os xoguetes marcados ao prezo de todo o ano, e cando está en vixencia unha revista, un catálogo, temos un programa que automaticamente xa cambia os prezos. É dicir, cando temos unha revista na rúa o prezo que prima é o da revista. É curioso cando vén a xente a comprar despois do Nadal, nas rebaixas de xaneiro, e preguntan se o prezo da revista non se rebaixa aínda máis. E non; o prezo que hai na revista xa é a oferta do xoguete.

> “O sexismo nos xoguetes vai desaparecendo; tanto se mercan cociñas para nenos como coches para nenas”

> “Animamos a nenos e maiores a visitar o noso escaparate de Nadal porque é espectacular”

Toys Maniatic

Tlf: 981 50 51 95
Ronda da Coruña, 36 (Melide)

VIÑOTECA Ribeirao

- Algúns eventos de 2019 -

Cata de viños de "Prada a Tope"

Cata anual espumosos galegos

Cata de "Orujos de Galicia"

Cata de viños "Marqués de Riscal"

Cata de aceites "Segura y Mancha"

Cata de viños "Rías Baixas"

Cata de viños "Bodegas Vivanco"